

XXX

Reclamante: XXX
Expediente. Nº **RSCTG 258/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia.

Vista a reclamación presentada por XXX mediante escrito do 8 de novembro de 2023, a presidenta da Comisión da Transparencia en virtude da delegación outorgada pola referida Comisión en sesión do 26 de xuño de 2018, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 8 de novembro de 2023 un escrito de solicitude de información sobre un trámite de Patrimonio Histórico de Galicia dun expediente dunha instalación fotovoltaica en vivenda en zona de perímetro azul en Santiago de Compostela.

Segundo. Con data do 13 de novembro de 2023, requiriuse á solicitante para que remitise información sobre en que data e ante que organismo solicitou a dita información, para o que se lle concedeu un prazo de dez días, indicándolle expresamente que no caso de non remitir as aclaracións requiridas, teríaselle por desistida da petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na norma correspondente.

A interesada non deu resposta ao requirimento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24

corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A Comisión da Transparencia, en sesión celebrada o 26 de xuño de 2018, acordou delegar na presidenta da comisión a resolución das reclamacións nas que se teña por desistido ao solicitante por non remitir en prazo a documentación que se lle requira

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Análise do expediente.

O artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos esixidos pola lexislación aplicable, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21. De acordo co anterior, dado que a interesada non achegou en prazo a documentación que se lle requiriu, procede o arquivo da reclamación por desistencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, e en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 28 de setembro de 2018 (DOG nº 193 do 9 de outubro), a Presidenta da Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Arquivar, por inactividade da interesada, o escrito presentado por XXX con data do 8 de novembro de 2023, que deu lugar ao expediente RSCTG 258/2023.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, non prazo de dous meses, contados desde ou día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto non artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora dá xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

M^a Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia